



Departamento de Orientación

CEIP de San Clodio

Ribas de Sil

ceip.sanclodio@edu.xunta.es



Consellos para as familias
de alumnado de 1º ciclo
sobre a lectura

CONSELLOS PARA NAIS E PAIS DO ALUMNADO DO 1º CICLO DE PRIMARIA

A influencia da familia é decisiva para fomentar lectores que desenvolvan a práctica da lectura ao longo de toda a súa vida e non só durante o período escolar. Vós, pais e nais, xogades un papel moi importante no desenvolvemento dos vosos fillos e fillas.



Por todo isto, indicámosvos uns poucos consellos para seguir cos nenos e nenas na casa e que axudan a aumentar o hábito e o interese pola lectura:

1. **Buscade un tempo e un lugar para ler todos os días** cos nenos e nenas, sen que a lectura teña relación coas tarefas escolares.
2. **O exemplo é importante.** Os nenos e nenas imitan o que ven. Vervos ler un xornal, unha revista ou un libro, demostrarlles que para vós, ler é gratificante.
3. **Lede xuntos,** sobre todo nas primeiras etapas nas que os nenos e nenas non son lectores autónomos. Sentade preto e lede para eles ou para elas.

4. **Facede da lectura un tempo divertido.** Cando os nenos e nenas son pequenos/as podedes lerlles as historias xogando coa voz ou entoando poemas ou cancións.
5. **Calquera motivo pode ser bo para ler:** unha excursión, facer un postre ou coñecer as regras dun xogo. As guías, os recetarios, os xornais, as instrucións ou a publicidade axudan ao neno e á nena a comprobar que ler é importante para calquera actividade.
6. **Preguntade ao neno ou á nena polas súas lecturas.** Se vos interesades polos libros que len, podedes axudarlles a ser lectores activos/as.
7. **Reservade tempos de lectura na casa.** Incorporádeos ás rutinas de cada día. Facede imprescindible este hábito, axudará aos nenos e ás nenas a valorar os momentos de lectura.
8. **Cando os nenos e as nenas xa saiban ler seguides compartindo a lectura en familia.** Gústalles escoitar historias lidas en voz alta a calquera idade e seguen necesitando do noso estímulo.